

NOTAS SOBRE OS NOMES VULGARES OU VULGARIZADOS DALGÚNS GASTRÓPODOS MARIÑOS GALEGOS. UNHA PROPOSTA

Luis Daviña Facal

Instituto de F. P. “Fernando Wirtz”. A Coruña

NOMES CIENTÍFICOS E NOMES VULGARES OU VULGARIZADOS

A plena normalización do *corpus* dunha lingua debe abranguer, segundo M. González, 1994, p. 17, entre outros aspectos, a fixación dun modelo estándar que abarque os ámbitos fonético-fonolóxicos, morfosintáctico e léxico, debendo este último dar resposta “ás necesidades expresivas e comunicativas da vida actual”. Non cabe dúbida de que o científico constitúe unha parte importante do léxico dunha lingua moderna, e cada día máis, polo crecente interese que amplas capas da poboación amosan sobre asuntos relacionados coa natureza, en particular, e coas distintas ramas da ciencia, en xeral. Non é tampouco un secreto para ninguén que, no caso do galego, este léxico é o máis descoidado. Para constatalo, basta consultar con ollo crítico calquera dos dicionarios existentes.

Unha parte importante do léxico científico constituía o repertorio de nomes vulgares ou vulgarizados dos animais e das plantas, indispensables para traballos de divulgación e tamén para utilizar nas aulas de ciencias da natureza. As carencias neste campo supoñen unha dificultade non desprezable xa que, como é sabido, a maioría das clases de ciencias naturais, segundo as disposicións legais vixentes, son de impartición obrigatoria en galego nos niveis de ensinanza primaria e secundaria.

Os científicos, nas súas publicacións en revistas especializadas ou en monografías, sexa cal for o idioma empregado, utilizan para entendérense entre eles só o nome científico que, teoricamente, é único para cada especie, existindo unhas estrictas normas internacionais de nomenclatura, baseadas na *nomenclatura binomial*, introducida por Carl von Linné (Linneo) e consistente en denominar cada especie cun nome formado por dúas palabras latinas ou latinizadas; a primeira, sempre un substantivo escrito con ini-

cial maiúscula, para designar o xénero; a segunda, case sempre un adxectivo, para a especie, escrita *sempre* con minúscula, mesmo no caso de que derive dun nome propio¹. Ambas as palabras, como é lóxico, deben concordar gramaticalmente (por exemplo, a específica será *spinosus*, *spinosa* ou *spinosum*, segundo o xénero –gramatical– do xénero –taxon– sexa masculino, feminino ou neutro). Non se consideran válidas as denominacións *científicas* anteriores a 1758 (ano da publicación da 10ª edición do *Systema naturae* de Linné), nin tampouco se admiten os nomes de datas máis recentes que non sexan binomiais. A continuación do nome da especie escríbese o apelido, completo ou abreviado, de ser moi coñecido, do autor que describiu e nomeou por primeira vez a especie en cuestión, seguido do ano no que se publicou. Por exemplo, o molusco coñecido en galego como **peneira** ten como nome científico *Haliotis tuberculata* Linné, 1758, ou *Haliotis tuberculata* L., 1758. Se en traballos posteriores por algún motivo se cambia o nome do xénero orixinario, o nome do autor mantense unido ao nome específico pero, para sinalar este cambio, ponse o nome do autor entre parénteses: por exemplo, *Cassia cornuta* (Linné, 1758), en lugar do orixinario, *Buccinum cornutum* Linné, 1758.

A pesar de que existen institucións que velan polo axeitado emprego dos nomes científicos², institucións que celebran reunións periódicas para arbitrar nos casos conflictivos e aprobar modificacións e ampliacións, prodúcense en non poucas ocasións duplicidades (ou multiplicidades) nas denominacións, por seren descritas moitas especies por diferentes autores sen teren coñecemento os uns dos traballos dos outros, por cambiar a posición sistemática dalgunha especie, ou por outras razóns. Mesmo ás veces non se respectan algunhas regras fundamentais da nomenclatura, como a da antigüidade (en caso de sinonimias, o nome válido é o máis antigo), cando o nome antigo foi proposto por un autor pouco coñecido ou publicado nun medio de escasa circulación; por exemplo, o nome científico da **sardiña** é *Sardina pilchardus* (Walbaum, 1792)³, sendo un seu sinónimo *Arengus minor* Cornide, 1788, que debería ser o correcto⁴. Por iso faise necesario nas monografías (especialmente nas dedicadas á clasificación dalgun grupo taxinómico) a inclusión de extensas listas de denominacións sinónimas. A xeito de exemplo, a pequena caramuxa *Lunatia pulchella* (Risso, 1826), ten os seguintes sinónimos:

¹ B. Dosil e X. Riveiro, 1996, p. 137, sosteñen, incorrectamente, que o nome específico debe escribirse con maiúscula cando procede dun nome propio. Basta consultar calquera obra científica, ou de divulgación, modernas (e ao dicir modernas referímonos a de menos de trinta ou corenta anos), para comprobar o contrario.

² Como, por exemplo, para os dos animais, a Comisión Internacional para a Nomenclatura Zoolóxica, fundada en 1905 e coñecida como ICZN (*International Commission of Zoological Nomenclature*).

³ O nome proposto por Walbaum foi *Clupea pilchardus*.

⁴ Véxase M. L. Bauchot e A. Pras, 1982, p. 100, e J. Cornide, 1788, pp. 91-92 e 244. Nesta última obra, da que hai unha reedición facsimilar de 1983 (Edicións do Castro, Sada), Cornide, pese ao enunciado do título, non segue sempre a Linneo no tocante á nomenclatura binomial, xa que nomea a sardiña (para el o nome galego sería *sardina*) como *Arengus minor maxillis æqualibus*; o que non obsta para que, no segundo índice, onde se dan os nomes galegos das especies descritas co seu equivalente nome científico, use *Arengus minor*.

Natica glaucina Linné, 1761

Nerita nitida Donovan, 1800

Polynices nitida (Donovan, 1800)

Natica mamilla Maton et Rackett, 1807

Natica poliana Chiaje, 1826

Natica pulchella Risso, 1826

Polynices poliana (Chiaje, 1826)

Natica intermedia Philippi, 1836

Lunatia poliana (Chiaje in Sacchi, 1836)

Natica alderi Forbes, 1838

Lunatia alderi (Forbes, 1838)

Lunatia pulchella (Risso, 1826).

En obras de divulgación só adoitan incluírse os sinónimos máis coñecidos ou, cando o cambio é moi recente, o que durante moito tempo fora considerado como válido. Por exemplo, a **nécora** é *Liocarcinus puber* (Linné, 1767) = *Macropipus puber* (Linné, 1767) = *Portunus puber* (Linné, 1767); ou a **ameixa fina**, *Venerupis decussata* (Linné, 1767) = *Tapes decussatus* Sowerby, 1842 (o nome orixinario é *Venus decussata* Linné, 1767). Así mesmo, neste tipo de obras, ou incluso en traballos científicos de asuntos onde a taxinomía non ten unha importancia grande, como poden ser os de ecoloxía, acostúmanse dar os nomes científicos sen o engadido de autor e data: *Haliotis tuberculata*, *Venerupis decussata* (= *Tapes decussatus*), etc. Tamén é usual, cando hai que citar seguidas no mesmo parágrafo varias especies do mesmo xénero, e sempre que non haxa posibilidade de confusión, expresar este no primeiro caso e despois incluír só a inicial: *Venerupis decussata*, *V. pullastra*, *V. aurea*, *V. rhomboides*, etc.

Se no caso dos nomes científicos se presentan tantas dificultades, podemos imaxinar os problemas que suscitará o emprego de nomes vulgares. Os especialistas científicos en terminoloxía aconsellan, para as obras de divulgación, o uso de nomes vulgares distintivos para cada especie animal ou vexetal, caso de os haber, ou de nomes vulgarizados (adaptacións á lingua vulgar do nome latino), de tal xeito que se use sempre o mesmo nome para designar á mesma especie. Isto frecuentemente creou problemas á hora de establecer estes nomes vulgares inequívocos cando en determinada lingua comezaron a publicarse traballos deste tipo, como é o caso actual do galego. Nisto, como noutras cousas, lévannos os ingleses moita vantaxe, e non só aos galegos, xa que, desde hai tempo, teñen publicadas *Check-lists* para cada grupo de animais e plantas, e non só para os compoñentes da fauna e da flora británicas, senón para todos os do mundo, e tampouco unicamente para grupos ben coñecidos, como poden ser os vertebrados ou as árbores, tamén para grupos de invertebrados, como crustáceos, insectos, arácnidos, moluscos, etc., e para plantas herbáceas, pteridófitos (fieitos), briófitos (musgos ou brións), etc. Nós, que nin sequera temos feitas *Listas patrón* “oficiais” para os representantes máis coñecidos dos nosos animais e das nosas plantas, vémonos ante graves problemas cando hai necesidade de traducir algún texto inglés de divulgación científica, problemas que moitos resolven traducindo literalmente o termo inglés, sen pensar que poida haber outro máis adaptado ao galego, o que fai, por exemplo, que escoitemos na Televisión de Galicia denominar *raposo de orellas de morcego*, versión do inglés *Bateared fox*, a certo cánido africano de nome científico *Otocyon megalotis*, que un traductor máis coidadoso podería bautizar co nome de **raposo orelludo**, máis axeitado ao galego e consonte co nome específico e cos

nomes castelán (*zorro orejudo*), portugués (*raposa-orelhuda*) e catalán (*guineu orellut*) ou, o que é aínda peor, que nos atopemos na prensa escrita con calcos, absolutamente innecesarios, do castelán, como *ostreiro* por **gabita** (*Haematopus ostralegus*).

Os principais problemas cos que nos atopamos os profesores e os divulgadores de ciencias son, en primeiro lugar, que os seres vivos que son moi coñecidos polo vulgo, normalmente pola xente do campo –que son os que están en contacto directo con eles–, teñen nomes diferentes en comarcas distintas; no caso de Galicia, e para algunhas especies, case podería dicirse que hai un nome por parroquia.

En segundo lugar, que damos moitas veces un mesmo nome xenérico a animais ou plantas que a simple vista son parecidos pero que pertencen a especies distintas, ás veces a xéneros diferentes, ou incluso a familias ou ordes que non teñen moito que ver entre si. Así, denominamos “rato” ou “rata” a numerosos roedores de pequeno ou mediano tamaño, e mesmo a algún insectívoro; ou “ra” ou “sapo” a calquera anfibio anuro. O mesmo sucede con plantas coñecidas como “herba das agullas”, “herba das feridas”, “herba de san Xoán”, nomes que poden corresponder a especies moi diferentes desde o punto de vista taxinómico.

En terceiro lugar, animais ou vexetais presentes pero que son pouco coñecidos por pasaren desapercibidos, ben por non seren útiles ou prexudiciais, ben por seren difíciles de observar, non teñen nome vernáculo.

Estes problemas fan moi difícil de resolver o cuarto e principal: ¿que nome asignar en galego a cada especie? Só o temos doado cando o nome popular é inequívoco: **carrizo** para *Troglodytes troglodytes* ou **sobreira** para *Quercus suber*. Xa non é tan fácil para especies tan coñecidas como *Anas querquedula*, chamada nalgúns lugares **cerceta** e noutros **charneco**; ou como *Prunus avium*, coñecida maioritariamente por **cerdeira** pero tamén como **cereixeira**. Aínda que nestes casos o adecuado é manter, de momento, os dous nomes como sinónimos. Así e todo, ¿que forma escoller para *Betula celtiberica*, que se denomina, segundo as zonas, **abidueira**, **bidueira**, **bidueiro**, **bídalo** ou **bido**? ¿E cando non existe nome popular?

Os especialistas en taxinomía recomendan, obviamente salvo nos casos nos que hai un nome diferenciado na lingua vulgar, usar un nome distintivo para cada xénero (ou para varios xéneros, se estes son moi semellantes) e, para distinguir entre as especies dese xénero (ou xéneros), utilizar adxectivos (ás veces son precisos máis de un) que fagan referencia a algunha característica da especie en cuestión, e que a miúdo veñen xa case indicados polo nome latino específico, adxectivos que deben ser usuais na lingua correspondente: por exemplo, grande, pequeno, miúdo, branco, rubio, negro, pinto, listado, raiado, de gorxa branca, de bico amarelo, etc., de non ser referidos a apelidos de personalidades (por exemplo, *Haliaëtus leucogaster* = **aguia de ventre branco**; *Aquila verreauxi* = **aguia de Verreaux**).

Pero, ¿que nomes e adxectivos escoller en cada caso? Para o nome xenérico, o indicado é elixir o máis común no idioma vulgar, caso de o haber. Por exemplo, en galego,

as especies do xénero *Quercus* que non teñan nome propio diferenciado (**sobreira**, **aciñeira**) deben denominarse todas elas **carballo**, por ser este o nome máis estendido en toda Galicia para a nosa árbore máis representativa, *Quercus robur* (= *Q. pedunculata*), que por iso debe denominarse así, **carballo** ou, cando queiramos diferenciala doutros carballos, **carballo común**; porque no noso país viven outras dúas especies de carballos, *Q. petraea* (= *Q. sessiliflora*), que case todo o mundo chama **carballo albar**, e *Q. pyrenaica* (= *Q. tozza*), á que se lle aplican os nomes de **carballo negro**, **carballo cerqueiro**, **carballo cerquiño**, **cerqueiro**, **cerquiño**, **rebolo** e máis **chaparreiro**, e algúns destes nomes hai que elixir; e tamén temos un carballo estranxeiro, pero aclimatado, que é *Q. rubra* (= *Q. borealis*), para o que temos que buscar nome (normalmente é denominado **carballo americano**); así mesmo, cómpre dispoñer doutros nomes para designar carballos que, non sendo galegos, poidan ser citados en diferentes tipos de traballos, como *Q. pubescens*, que poderíamos coñecer como **carballo pubescente**.

Para os casos nos que non existan nomes vernáculos para cada un dos xéneros dunha familia, pero si varios sinónimos para algún deles, unha norma usual é “repartir” os sinónimos co fin de que, ao tempo que logramos nomes distintivos para os xéneros, non se perda a riqueza léxica que representa esta variabilidade. É o caso de **mazarico**, **bilurico** e **píldora**, que a xente común non adoita distinguir e que algúns dos nosos ornitólogos distribúen do seguinte xeito: **mazarico** para os xéneros *Numenius* e *Limosa*; **bilurico**, para os xéneros *Tringa* e *Actitis*, e **píldora** para *Charadrius* e *Pluvialis*; outros incluso escollen variantes dialectais para distinguiren entre xéneros, diferenciando entre **píldora** (*Pluvialis*) e **pillara** (*Charadrius*).

Como caso de nome vulgarizado podemos poñer como exemplo os de **robinia** e **falsa acacia**, que deberíamos utilizar para designar a especie *Robinia pseudoacacia*, árbore da familia das leguminosas, en vez de chamala, como se fai adoito, **acacia**, xa que, segundo as normas de nomenclatura, debemos reservar este termo para as especies do xénero *Acacia* (que, por outra parte, en galego tamén denominamos **mimosas**).

OS NOMES GALEGOS DOS GASTRÓPODOS MARIÑOS

Os gastrópodos constitúen a maior das clases de moluscos, cunhas 105.000 especies coñecidas, denominadas xenericamente caracois (sobre todo os que teñen cuncha en espiral), que presentan o corpo coa división típica dos moluscos en cabeza, saco visceral, manto e pé e, estando, os máis deles, provistos dunha cuncha enrolada en espiral, ou ben en forma de cunca ou de sombreiro chinés. O pé está desenvolvido xeralmente a xeito de sola reptante plana, ao que alude o seu nome.

En galego, por influencia do castelán, adoitamos denominar, pensamos que impropriamente, estes moluscos como *gasterópodos*, e así figura nos dicionarios normativos, cando o correcto sería **gastrópodos**, xa que o nome científico da clase é *Gastropoda*; é

dicir, o nome non deriva directamente do grego γαστήρ, γαστρός, senón a través do latín científico. Ademais, gastrópodos está en consonancia cos outros derivados de γαστρός: gastralxia, gástrico, gastrite, gastronomía, gastropatía, gastrovascular, etc., e non *gasteralxia, *gasterite, etc. É un caso similar ao de **ruminantes**, adaptación do latín científico *Ruminantia*, e non derivado do verbo galego **rumiar**.

Dos máis de cen mil gastrópodos, uns 35.000 son **pulmonados** (*Pulmonata*), é dicir, terrestres (os caracois terrestres e as lesmas) e o resto son acuáticos, a maioría mariños. En Galicia os malacólogos teñen rexistradas unhas cincocentas especies de gastrópodos, incluíndo mariños, dulciacuícolas e terrestres. Naturalmente non son necesarios nomes vulgares para todas as especies, só para aquelas poucas que se poidan observar frecuentemente e que sexan facilmente distinguibles.

Para o establecemento de nomes galegos de especies mariñas todos bebemos na caudalosa fonte de Ríos Panisse, 1977, 1983, que fixo un traballo sumamente meritorio, tendo en conta sobre todo a época na que se realizou, no que inclúe un total de 34 especies de gastrópodos para os que recolle innumerables denominacións populares, moitas comúns a varias especies. Esta recompilación de nomes populares presenta dúas eivas metodolóxicas que, anque poden ser admisibles nun traballo das súas características, é preciso valorar á hora de trasladar, por exemplo, aos dicionarios, libros de texto ou obras de divulgación.

A máis importante destas eivas é que moitos dos nomes foron expurgados, sen moitas precaucións, de obras lexicolóxicas que inclúen nomes científicos non sempre ben contrastados, como a mesma autora recoñece⁵.

A segunda foi o sistema empregado por Ríos Panisse nas enquisas realizadas aos mariñeiros dos que obtivo os nomes vulgares, aos que se lles foron amosando debuxos de guías⁶, debuxos evidentemente non de tamaño natural, nin sequera feitos a escala, e non exemplares vivos ou mortos, polo que, en moitos casos, é posible que se producisen erros de identificación.

⁵ No caso dos gastrópodos, estas son, fundamentalmente:

M. Abuín Soto, *El castellano hablado en las Rías Bajas*. Tese de doutoramento inédita. Oviedo, 1971.
 Arté Gratacós, Lozano Cabo e Rodríguez Marín, *Nomenclatura oficial española de los animales de interés pesquero*, Madrid, 1965.
 R. Blanco Carril, "Seis escarceos ictiológicos en Galicia", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, xxxiii, pp. 105-131.
 J. S. Crespo Pozo, *Contribución a un vocabulario Castellano-Gallego*, Madrid, 1963.
 J. Cuveiro Piñol, *Diccionario Gallego*, Barcelona, 1876.
 M. C. Enriquez Salido, *Léxico de O Grove, Verba, anuario gallego de filología*, Anejo 3, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1974.
 F. Esmoris Recamán, "Refranero fisterrán", *CEG*, xiv, pp. 107-130.
 L. Monteagudo, "Notas filológicas, históricas y biológicas sobre los mariscos". Tarxeta de felicitación de Pascuas, 1964.
 L. Villaverde Rey, *Mariscos de Galicia*, La Coruña, 1974.
 VV. AA., *Enciclopedia General del Mar*, 6 vols., Barcelona, 1957.

⁶ Para o asunto que nos ocupa no presente traballo cabe citar:

J. Arrecgros, *Les coquillages marins*, Lausanne, 1966.
 M. L. Bauchot, e G. Manhdahl-Barth, *Animaux et plantes du bord de mer*, Paris, (s.a.).
 K. Fiedler, e W. Luther, *Guide de la faune sousmarine*, Neuchâtel, 1965.

Os nomes populares que máis se repiten son os de buguina, mincha, caramuxa, caramuxo, corno e diminutivos deste (cornecha, cornecho, corniña, corniño, cornete, corneto, etc.). Por outra parte, do traballo de Ríos Panisse dedúcese que hai uns poucos nomes que identifican inequivocamente unha especie, como lapa, margarita ou peneira.

Para comprobar os erros aos que conduce o feito de non considerar os defectos antes mencionados abonda con ler as definicións que dan, para os nomes anteditos, os dicionarios galegos que inclúen nomes científicos, é dicir, o da editorial Galaxia (Galaxia) e o de Alonso Estravís (Estravís). Como mostra, vallan estes exemplos:

APUPO, *sm.* (...) Caracola, nombre aplicado a varios moluscos gasterópodos marinos del mismo género que el caracol, entre ellos la *Charonia rubicunda* y el *Triton nodifer*, y especialmente a su concha cónica, que, abierta por el ápice, produce un sonido como el de la trompa. (Galaxia, p. 83).

Triton nodifer é un sinónimo de *Charonia rubicunda*, polo tanto non se trata de *ellos* senón dunha única especie que, desde logo, tampouco pertence ao mesmo xénero có caracol (*Helix*).

CARAMECHA, *sf.* *Calcinus ornatus*, cangrejo ermitaño; crustáceo decápodo del suborden de los anomuros que mide de seis a ocho centímetros de largo y vive recluido en las conchas de caracoles marinos. MACACHÍN. *Nerita*, denominación común a varias especies del género *Nerita*, moluscos gasterópodos marinos comestibles de concha reducida, gruesa, aplanada y con la abertura semicircular. MACACHÍN. (Galaxia, p. 183).

Caramuxo (CARAMUJO), *s. m.* (1) Crustáceo decápode. N. C. *Calcinus ornatus*. (2) Designación comun aos moluscos gasterópodes⁷, acuáticos, pulmonados ou providos de bránquias, cunha concha forte e grosa, que se pegan xeralmente às pedras que están ao bordo da água ou aos barcos coñecidos cientificamente con os seguintes nomes: *Bela trevelyana*, *Calliostoma millegranum*, *Calliostoma zizyphinum*, *Cerithium vulgatum*, *Gibbula umbilicalis*, *Littorina littoralis*, *Littorina littorea*, *Natica catena* e *Nerita nigra*. (...). (Estravís, p. 510).

Ríos Panisse, 1977, p. 106, inclúe as especies *Nerita alba* e *N. nigra*, ambas tomadas de Crespo e Abuín (V. nota 5). Da primeira di que descoñece a clave da que se valeu o Padre Crespo, e que pensa que quizais sexa un sinónimo de *Littorina*. Da segunda opina que debe tratarse de *Littorina littorea*. Pois ben, *Nerita* é un xénero da familia dos nerítidos, familia que ocupa o mesmo nicho ecolóxico cá dos litorinidos (caramuxas), pero nos mares intertropicais, sendo a súa distribución indopacífica e caribeña. Así que a fonte debe estar nalgún libro do século XIX, cando Cuba e Filipinas eran colonias españolas.

Por outra parte, esta mesma autora (p. 22), sospeita que *Calcinus ornatus* debe ser sinónimo de *Palaemon serratus* (en realidade debe querer dicir de *Pagurus arrosor*, cangrexo ermitán que vive no Mediterráneo, que vén na súa obra xusto antes de *Palae-*

⁷ Estravís utiliza a forma *gasterópodes*, que non é nin galega (gastrópodos ou, en todo caso, gasterópodos), nin portuguesa (*gastrópodes*).

mon, que é o camarón), aínda que non figura na sinonimia que ela manexou. Nós tampouco sabemos quen será ese *Calcinus*, probablemente un erro por *Carcinus*. Pero con erros ou sen eles, pasou aos dicionarios.

E non queremos deixar de comentar, unha vez máis, cómo algúns dicionarios estragan papel inutilmente:

MARGARIDA, *sf.* (...) / *Trivia europaea*, grano de café; molusco gasterópodo abundante en las costas gallegas, especie de caracolillo anacarado y finamente rayado. MARGARITA. (Galaxia, p. 590).

MARGARITA, *sf.* (...) / *Trivia europaea*, grano de café; molusco gasterópodo abundante en las costas gallegas, especie de caracolillo anacarado y finamente rayado. MARGARITA. (Galaxia, p. 590).

Tampouco é de moita utilidade, para resolver o problema que nos ocupa, o traballo de R. Ramonell, 1985, xa que a penas trata catro especies: *Littorina littorea*, á que dá os nomes “principais” de **caramuxo** e **mincha**, pero da que di que tamén ten os nomes galegos de **bígaro**, **caramexa**, **cornecho**, **corniña**, **cuco** e **escaramuxa**, engadindo que son especies semellantes *L. saxatilis* ou **bígaro bravo** e *L. littoralis* ou **bígaro chato**, e tamén *Monodonta lineata*, da que non dá nome ningún; *Charonia rubicunda* = *Triton nodifer* = *Charonia nodifera*, que é o **cornio**, pero que tamén se pode chamar **apupo**, **bujina** (*sic*) e **cornia**; *Patella vulgata*, a **lapa**, pero tamén **alapa**, **copo**, **cuco**, **lámpara**, **lamparón**, **patela** e **patella**, e *Haliotis tuberculata* que, ademais do corrente **patela**, tamén se denomina, segundo Ramonell, **concharela**, **lapa francesa**, **lapa brava**, **ostra**, **tereixola**, **zapatño da Virxe**, **orella**, **criba** (*sic*), **cuncha das señoras**, **joel** (*sic*), **lamprea**, etc.

A NOSA PROPOSTA

Aínda que en galego, como en calquera lingua, é preciso dispoñer de nomes vulgares ou vulgarizados de moitos animais de calquera parte do mundo, a proposta que aquí se fai refírese, como un primeiro paso, só aos xéneros e especies máis coñecidos de gastrópodos mariños presentes nas nosas costas. Para identificalos empregamos, nos máis dos casos, algúns dos nomes recollidos por Ríos Panisse, 1977, distribuíndo, os que na obra desta autora se repiten, entre varias especies da forma que nos pareceu máis adecuada. Así mesmo, inclúense algúns nomes vulgarizados que estimamos procedentes. Os nomes propostos van relacionados alfabeticamente e acompañados dunha definición, como se dun dicionario se tratase, aínda que bastante máis extensa do habitual neste tipo de obras co fin de caracterizar ben o xénero ou a especie correspondentes. Estas definicións van seguidas dun comentario ou explicación sobre os criterios tidos en conta para a elección do nome proposto.

Tratamos de adxudicar un único nome a cada especie (ou xénero), o que fixemos salvo nos casos nos que a extensión na fala viva de dous ou máis sinónimos fan acon-

sellable o mantemento dos mesmos. Nalgún caso inclúese a forma normativa dalgún dos nomes que están moi difundidos en formas que non se axustan á norma.

Obviamente, a selección de nomes que aquí se fai é unha *proposta*. Como tal, gustaríanos que fose unha base para unha discusión entre malacólogos e lexicógrafos que conducise ao establecemento dunha *Lista patrón* oficial que puidese ser usada por dicionaristas, profesores e divulgadores científicos. E que servise de fermento para que debates semellantes se producisen sobre outros grupos zoolóxicos e botánicos. Esta é, ao cabo, a finalidade deste traballo.

Unha última observación queda por facer. O feito de utilizarmos nas obras de divulgación, guías de campo, libros de texto, etc., unha serie de nomes “oficiais” non implica renunciarmos aos diversos nomes populares empregados en cada zona do país. Aínda que se aceptase finalmente o nome de **borracha** para *Aplysia punctata*, calquera profesor de Ciencias, ou calquera alumno, de calquera Instituto ou Colexio da ría de Muros e Noia poderá, naturalmente, seguir denominando esta especie como **cona de vella**.

Á final deste traballo, resúmense nunha lista os nomes galegos propostos para os diferentes xéneros e/ou especies estudadas.

BORRACHA. Molusco gastrópodo opistobranquio da orde dos anáspidos ou aplisiomorfos e familia dos aplisidos (*Aplysia punctata*), de corpo grande (ata 20 cm) e repoludo, cunha cuncha dorsal pequena (duns 2 cm), oval, transparente, cuberta polo manto, e provisto de catro tentáculos cefálicos longos e carnosos e de dous pares de parápodos de función estabilizadora. A coloración é variable, parda avermellada escura nos individuos novos e parda verdosa escura, ás veces con puntos abrancazados, nos vellos. Posúe unha glándula que segrega un líquido de cor violeta (a tinta ou *borra*) que expele cando é importunado. É hermafrodita e fitófago. Vive entre algas desde a zona intermareal ata augas máis profundas, producíndose nalgúns anos fortes incrementos das súas poboacións, por causas aínda non ben coñecidas, concentrándose daquela gran número de individuos a finais do verán nas praias. En Galicia viven tamén, pero son menos fáciles de ver, outras dúas especies do mesmo xénero, *A. fasciata*, de cor escura cos bordos dos parápodos avermellados, e a máis rara *A. depilans*, que segrega un líquido de aspecto leitoso, non violeta.

Aplysia punctata é un dos poucos moluscos inconfundibles, recibindo numerosos nomes vernáculos, entre eles **borracha**, **tinteiro**, **tinteira** e **limacha**, e os menos *respectables* de **cona de vella**, **pixa porca**, **teta do mar**, etc. Míguez *et al.*, 1966, p. 186, danlle o nome de **tinteira**. Pola súa parte, Rolán, 1993, p. 151, di que esta especie é chamada vulgarmente *liebre de mar*. Esta denominación, aínda que concordante coa castelá *liebre de mar*, a portuguesa *lebre-do-mar* (pero tamén *aplisia*), a catalana *llebre de mar*, a francesa *lièvre-de-mer*, a inglesa *sea-here* e a alemana *Seehase*, non é máis ca un calco innecesario, xa que entre os trinta e seis nomes recollidos para ela por Ríos Panisse, 1977, pp. 90-91, non figura este (si, en cambio, *conexo de mar*, que A. San-

tamarina, en nota etimolóxica na obra citada, supón que poida ser un diminutivo de *cona*, pero ben puidera ser a forma acastrapada de *coello*⁸). Prefírese aquí o nome de **borracha**, que alude á *borra* de función defensiva que expele, porque está máis estendido que **tinteiro** e a súa variante **tinteira**, ademais de parecermos máis eufónico, evitando así tamén os outros sinónimos de carácter *humorístico* que, á parte de seren tamén minoritarios, poderían chocar en zonas onde non se usen (e en todo o interior de Galicia). Caso de ter necesidade de diferenciarmos entre *Aplysia punctata* e as outras especies do xénero, poderíamos chamar á primeira **borracha común**.

BUCINA. V. CORNO, 1ª acep.

BUGUINA. V. CORNO, 1ª acep.

CARAMUXA. 1. Nome común aplicado a diversas especies de moluscos gastrópodos prosobranquios monotocardios da familia dos litorínidos, especialmente a *Littorina littorea*, con cuncha duns 2,5 cm de altura, moi cónica, co ápice puntiagudo e abertura ovalada, superficie con finas estrías espiraladas e coloración variable (negra, gris, parda ou incluso algo avermellada), con liñas concéntricas máis escuras, que vive na zona intermareal, sobre rochas e algas, no Atlántico, desde a costa oriental de América do Norte ata a Europa occidental. Especies do mesmo xénero, tamén presentes nas augas galegas, son, entre outras, *Littorina littoralis* (= *L. obtusata*), de ata 1 cm de altura, coa espira moi comprimida e cor parda, vermella, alaranxada ou amarela; *L. neritoides*, moi pequena (de 2 a 3 mm, 10 como máximo), coa cuncha moi cónica e puntiaguda no ápice, de cor negra azulada ou acastañada, e *L. saxatilis*, tamén pequena (de 0,5 a 0,8 cm), con de 6 a 9 espiras separadas por suturas profundas e cor variable, entre vermella e negra, frecuentemente con manchas claras e escuras. Variante: CARAMUXO. Sinónimo: MINCHA. 2. Tamén se coñecen por este nome os gastrópodos da mesma orde cós anteriores, pero doutra suborde, a dos diotocardios, pertencentes aos xéneros *Gibbula* e *Monodonta*, da familia dos tróquidos. Nas nosas costas viven *Gibbula magus*, de cuncha cónica algo aplanada, cunhas 5 espiras (ás veces máis) cubertas por unha liña de nódulos e de cor branca amarelada con manchas vermellas ou purpúreas que, cos seus 2 cm (ás veces ata 3) é a maior das especies galegas do xénero, *G. obliquata* (= *G. umbilicata*), de cuncha cónica pouco elevada, ás veces case lenticular, duns 15 mm de largo e 12 de alto, embigo amplo, finas estrías espirais e cor gris verdosa con bandas purpúreas moi conspicuas; *G. pennati*, moi semellante á anterior, pero con embigo moi reducido ou ausente; *G. cineraria*, de cuncha cónica

⁸ O nome de “lebre de mar” fai referencia aos tentáculos cefálicos, que lle dan un aspecto que pode recordar ao dunha lebre ou dun coello, coas súas longas orellas.

tan alta coma larga (uns 12 mm) e con ata 7 espiras, embigo pequeno pero ben marcado e cor cincenta con marcas máis escuras, avermelladas, e *Monodonta lineata* (= *Gibbula lineata*), máis grande, duns 2,5 cm de altura e coloración gris verdosa con numerosas e patentes liñas purpúreas en zigzag. Variante: CARAMUXO. Sinónimo: MINCHA. **3.** En xeral, calquera gastrópodo mariño de reducidas dimensións e cuncha enrolada en espiral e rematada en ápice puntiagudo.

A verdadeira **caramuxa** ou **mincha**, a que paga a pena comer, é *Littorina littoralis*, pero tamén lle podemos dar estes nomes, e a variante **caramuxo**, todos eles moi estendidos e que por iso hai que considerar como sinónimos, igualmente válidos, para as outras especies do xénero *Littorina* aínda que, polo seu diminuto tamaño, non sexan demasiado útiles como *tapa*. Pero así son denominadas, e así as debemos chamar.

Nas pozas da zona intermareal onde se apañan estas caramuxas conviven con elas moitas veces as especies de *Gibbula* e de *Monodonta* máis arriba relacionadas. Todas elas son comestibles, aínda que as súas dimensións poucas veces son comparables ás de *Littorina littoralis*, e o seu sabor non sexa tan apreciado. Quizais por iso, e a que pola súa forma, anque máis cónica e puntiaguda, resulten algo semellantes ás máis globosas litorinas, son denominadas cos mesmos nomes ca aquela. Pese a que Ríos Panisse, 1977, pp. 98-99 non rexistra ningún destes nomes máis que a través da bibliografía para as tres especies de *Gibbula* que inclúe (*G. cineraria*, *G. magus* e *G. umbilicalis*), temos persoalmente comprobado o seu emprego en numerosos puntos de Galicia. O que confirma Rolán, 1993, p. 82 (el usa a variante caramuxo). Canto a *Monodonta lineata*, para Rolán, 1993, p. 81 tamén é caramuxo ou mincha⁹.

A coincidencia das mesmas denominacións vulgares para especies pertencentes a dúas familias filoxeneticamente tan afastadas (litorínidos e tróquidos) suscita un problema de identificación xa que, segundo as normas de nomenclatura, deberían empregarse nomes diferentes. Pero a xente, á vista destes pequenos caracolíños, non moi distintos aos ollos dun profano, que viven moitas veces xuntos, e que se poden comer, chámaos da mesma maneira. Polo tanto, non somos nós quen de corrixir este uso. En todo caso, o único que cabería facer é tratar de distinguir os membros de ambas as familias mediante algún cualificativo. Algúns intentos téñense fito, non sabemos se con moita fortuna. Por exemplo, Rolán, 1983, pp. 92-93, dá como nomes vulgares das especies do xénero *Gibbula* o nome de *botones* e **caramuxos pequenos**, co que implicitamente reconece que *Littorina littorea* (non así as outras especies do xénero) sería **caramuxo grande** ou, como pouco, **caramuxo** propiamente dito; ou ben **caramuxo negro**, que é un dos nomes vulgares que rexistra para esta (p. 107). E Míguez *et al.*, 1996, p. 167, diferencian *Littorina littoralis*, á que chaman **mincha chata**, das outras especies de *Littorina*, no-

⁹ Ríos Panisse inclúe *Monodonta crasa*, para a que recolle os nomes de caracol, margarita e mincha, tomados de Monteagudo (V. nota 5). Non dá o nome do naturalista que diferenciou a especie por non vir indicado en Monteagudo. Pois ben, este naturalista é Montagu, xa que *Monodonta crassa* Montagu é un dos sinónimos de *Monodonta lineata* (Da Costa).

meadamente *L. littorea*, que serían **caramuxos** ou **minchas**, sen máis. Tal vez por este camiño deberían ir as solucións: denominar caramuxas ou minchas escuras ou negras aos litorínidos e caramuxas ou minchas claras aos tróquidos. Nós non nos atrevemos a facer, polo momento, unha proposta neste sentido.

Outras especies da familia dos tróquidos, as pertencentes ao xénero *Calliostoma*, tamén reciben en Galicia, segundo Ríos Panisse, 1977, pp. 96-98, os nomes de caramuxa, caramuxo e mincha, ademais de **cornecho** e outros. Nin Rolán, 1983, 1993, nin Míguez *et al.*, 1996, dan estes nomes como os vulgares destas especies, pero si, ambos os dous autores, o castelanismo *trompo*. Aquí, como se verá a continuación, prefírese **cornecho**, xa que as especies de *Calliostoma* non son comestibles e, como di Rolán, 1993, p. 81, “os caramuxos son comestibles”. V. **CORNECHO**.

CARAMUXO. V. CARAMUXA.

CORNECHO. Nome común dos moluscos gastrópodos prosobranquios da familia dos tróquidos pertencentes ao xénero *Calliostoma*, especialmente *C. zizyphinum*, moi frecuente en Galicia, de cuncha duns 2,5 cm de altura e outros tantos de largo, acenuadamente cónica, coa superficie lisa e brillante, ápice puntiagudo e con de 3 a 5 cordóns espirais, de forma que recorda á dunha buxaina. A boca é cuadrangular e sen embigo, e a coloración variable, predominando a amarelada ou avermellada, con bandas pardas. Vive sobre rochas con algas e debaixo das pedras, adoito sobre laminarias, desde a franxa infralitoral ata os 100 m de profundidade. Outras especies presentes nas nosas augas, pero moito menos frecuentes, son *C. conulus*, semellante á anterior e de parecidas dimensións, pero con espiras lisas e de cor alaranxada brillante, con cordóns granulados espirais e voltas de espira arredondadas, e *C. laugierii*, de forma semellante ás anteriores aínda que de menor tamaño (1,5 cm), con cordóns espirais algo granulados ao principio e despois lisos e cor verdosa azulada con brillo irisado.

No traballo de Ríos Panisse, 1977, pp. 96-98, aparecen citadas as especies *Calliostoma millegranum*¹⁰, para a que se dan os nomes vernáculos de caramuxa, caramuxo, mincha, caramexa, corno e cornecho, e *C. zizyphinum* que, segundo Rolán, 1993, p. 90, é a especie do xénero máis común en Galicia. Para esta última especie, Ríos Panisse recolle como máis citado o nome de cornecho, mentres que Rolán di que se coñece (como todas as do xénero), co nome de *trompo*. Pola súa parte, Míguez *et al.*, 1996, p. 192, afirman que *Calliostoma zizyphinum* e *Gibbula cineraria* (V. CARAMUXA) son os *trompos* máis frecuentes en Galicia. Posiblemente isto sexa así, xa que debido á forma que teñen as cunchas destes moluscos, *trompo* é o nome que se lles dá en castelán (e *top-*

¹⁰ Non atopamos a sinonimia *Calliostoma millegranum* (Philippi) na bibliografía consultada. Quizais poida corresponder a *Calliostoma granulatum* (von Born, 1778), de distribución, ao parecer, non galega.

shell en inglés). En galego, en todo caso, sería *buxaina*, pero ninguén lles chama desta forma, que nós sabemos. Por iso pensamos que é preferible **cornecho**, que si está na fala viva. Non procede a denominación *caramuxa/mincha* porque se trata, como vimos, de especies non comestibles. V. CARAMUXA.

Tamén se chaman en inglés *topshell*, e en castelán *peonza*, en francés *toupie* e en catalán *baldufa* (*baldufeta* as de pequeno tamaño), é dicir, *buxaina*, as especies do xénero *Gibbula* e *Monodonta*, da mesma familia dos tróquidos. Pero non parece aconsellable estender a estas o nome de cornecho xa que, como queda dito antes, estas especies, que son comestibles, denomínanse máis ben *caramuxas* ou *minchas*. V. CARAMUXA.

CORNETÍN. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos monotocardios, suborde dos tenioglossos e familia dos murícidos (*Nucella lapillus*), de cuncha maciza, duns 3 cm de altura, cunhas 5 espiras, a última moi grande, marcadas por liñas espirais e canal sifonal curto, sempre aberto; a coloración é moi variable, pero basicamente é de gris cinza a crema, frecuentemente con marcas espirais de cor parda escura. Moi abundante, vive nas costas rochosas, agás nas moi batidas, en fendas e entre mexillóns, dos que se alimenta.

Rolán, 1983, p. 234, dá como nomes vernáculos para esta especie os de *caramuxo* e *corniño*, e di dela que é comestible, aínda que de calidade notablemente inferior á doutros gastrópodos, polo que en tempos pasados, en épocas de fame, tense consumido. Ríos Panisse, 1977, p. 106, rexistra unha única denominación, **cornetín**, recollida nunha única localidade (Ézaro). E parece que este nome callou, pois tamén é o que lle dan Míguez *et al.*, 1996, p. 115, aparecendo así mesmo no dicionario da editorial Galaxia. Non parece que o sufixo *-in* como diminutivo sexa moi propio do galego, aínda que si se pode observar lexicalizado (*cagachín* [= ferreiriño], *serpentin*), especialmente en topónimos e antropónimos (*Alfonsín*, *Cardesín*, *Mercurín*, *Portosín*, *Rubín*, *Senín*). Por outra parte, en portugués temos *cornetim*, voz tomada do castelán *cornetín* para designar a corneta (instrumento musical de vento) afinada en si bemol, e tamén ao seu executante, acepcións que así mesmo dan, para *cornetín*, os dicionarios galegos de A. Estravís, Galaxia e Xerais. Por todo isto, non vemos inconveniente en admitir **cornetín** como nome dunha especie tan abundante en Galicia.

CORNIÑA. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos monotocardios, suborde dos estenoglossos e familia dos murícidos (*Ocenebra erinacea*) de cuncha fusiforme de ata 6 cm de altura, aínda que frecuentemente menos, con canal sifonal aberto nos individuos xuvenís pero pechado na maior parte da súa lonxitude nos exemplares vellos, de maneira que neles é tubular; o esculpido é irregular e presenta 5 espiras con costelas, das que a última é a maior, con cordóns espirais numerosos, provistos de cristas; o ápice é puntiagudo e a abertura ovalada, co lado externo grosa e dentado; a coloración

máis común é branca amarelada con manchas pardas. Habita en áreas e rochas, frecuentemente sobre mexillóns, desde a franxa infralitoral ata augas máis profundas, no Atlántico e no Mediterráneo, alimentándose de moluscos bivalvos, aos que lles perfora a cuncha coa súa rádula. É unha especie que presenta gran variabilidade, téndose descrito numerosos formas.

Ríos Panisse, 1977, p. 106, dá para *Ocenebra erinacea* (L.), un dos sinónimos de *Ocenebra erinacea* (Linné, 1785), os nomes de cornete e corniño, ambos tirados da *Enciclopedia General del Mar* (V. nota 5), non recollendo ningún nome dos seus informadores nos portos galegos. En cambio dá esta autora (pp. 104-105) os nomes de corno, cornecho e corniño para *Murex brandaris* e *M. trunculus*, da mesma familia e aspecto algo parecido, no caso de *Murex trunculus*, ao de *Ocenebra erinacea*, pero ausentes das augas galegas, polo que seguramente estas denominacións corresponderán a esta última especie. Pola súa parte, Rolán, 1983, p. 228, indica que os nomes vulgares desta son **corneta**, **cornetilla**, **corniño** e **corniña**. Prefírese aquí para nome desta especie a variante **corniña**, xa que **corniño** é o nome elixido para *Bittium reticulatum*. V. CORNIÑO.

CORNIÑO. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos monotocardios, suborde dos tenioglossos e familia dos cerítidos (*Bittium reticulatum* = *Cerithium scabrum*), de cuncha relativamente estreita e alongada, de ata 1,5 cm de altura, con moitas espiras esculpadas con tubérculos diminutos, boca ovalada, canal sifonal curto e pouco curvado, de cor apardazada, aínda que hai exemplares de cuncha moi escura. Vive baixo pedras e entre rochas con algas na franxa e na zona infralitorais, no Atlántico e no Mediterráneo.

Ríos Panisse, 1977, p. 98, recolle os nomes vulgares de caramuxo, cornecho, corniña e corniño (ademais de boguina, corno e ata *cucaracha*) para a especie *Cerithium vulgatum*, da mesma familia e cuncha parecida á de *Bittium reticulatum*, pero de maior tamaño (ata 4,5 cm), coloración máis escura e, sobre todo, de distribución mediterránea, polo que quizais os citados nomes correspondan á especie aquí descrita, moi abundante nas costas de Galicia. Canto ao nome elixido, V. comentario en CORNIÑA e en CORNO.

CORNO. 1. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos diotocardios, suborde dos tenioglossos e familia dos cimatiíidos (*Charonia lampas* = *C. nodifer* = *C. rubicunda* = *Triton nodifer*), de cuncha grande (ata 25 cm nas costas galegas), oblonga, ovoide, con espira saínte e coa última voluta de gran tamaño, na que se aprecian cordóns espirais separados por sucos profundos, con manchas castañas irregulares alternando con outras brancas, e abertura oval, con dentes avermellados no labio externo sobre fondo branco, e canal sifonal curto. Depredador, aliméntase de equinodermos. Vive sobre rochas e area na zona infralitoral e ata profundidades notables, no Mediterráneo e nas zonas do Atlántico adxacentes a dito mar. É, con diferenza, o caracol mariño de maior tamaño das costas galegas, aínda que nestas non acada as lonxitudes dos espécimes que viven no Mediterráneo (ata 40 cm). Sinónimos: BUCINA, BUGUINA. **2.** Cuncha deste gastrópo-

do á que se lle rompe o ápice, usada polos mariñeiros de baixura como instrumento a xeito de trompa para advertiren da presenza do seu barco en días de néboa ou, antigamente, para avisaren da súa chegada ao porto para venderen as capturas. Sinónimos: BUCINA, BUGUINA. **3.** Así mesmo, reciben este nome outros gastrópodos mariños de tamaño moito menor, que tamén son coñecidos con diversos diminutivos.

En Ríos Panisse, 1977, p. 94, aparece recollida a voz **buguina** (coas variantes boguina, bocina, buguino e bucina) en vinteunha localidades da costa galega para a especie *Buccinum undatum*, que noutras dezasete é identificada como **cornio**. Pola contra, a especie *Triton nodifer* (p. 109) só aparece como **cornio** en seis localidades, e en tres máis como **buguina** ou variantes. Seguramente se trata dun erro de identificación dos seus informantes ante as láminas que lles amosaba, xa que *Buccinum undatum* é unha especie do Mar do Norte e o Báltico occidental, chegando o límite sur da súa área de dispersión ata o canal da Mancha. Ramonell, 1985, non inclúe esta especie como cornio, e Rolán, 1993, tampouco o rexistra. Así mesmo, Rolán, 1983, p. 241, dubida da súa presenza nas nosas augas, por non ter atopado ningún exemplar, non sendo nos portos onde desembarcaban o peixe, hai anos, os buques que faenaban no Grande Sole. Por outra parte, esta especie ten unha cuncha duns 8 cm, o que descarta que poida ser usada como bucina. Todas as referencias deben corresponder a *Triton nodifer* (ou *Charonia lampas* na denominación actual), esta si presente nas nosas augas e de cuncha, como queda dito, de gran tamaño, polo que é a única que realmente pode usarse como **cornio**, razón pola que pensamos que así é denominada maioritariamente (é o nome que lle dá Ramonell, 1985, p. 38), sendo **buguina** un sinónimo moi estendido, polo que debe ser admitido. A variante **bucina** inclúese aquí por ser a que o dicionario da RAG-ILG dá como entrada principal (seguramente por estar máis próxima ao étimo).

Por outra parte, Ríos Panisse, 1977, recolle baixo a denominación de **cornio** (ou dos seus diminutivos) numerosas especies de moluscos gastrópodos mariños, algúns deles, igual que *Buccinum undatum*, non rexistrados polos malacólogos como presentes nas costas galegas, como son os casos de *Murex brandaris* e *M. trunculus*, ou de *Cerithium vulgatum*, todos eles mediterráneos (algúns tamén sudatlánticos)¹¹, ou outros que, polo seu diminuto tamaño (de 2 a 5 mm nas especies de *Assimineia*, ou de 5 a 12 mm nas de *Bela*), dificilmente poden ser considerados como **cornios** polos mariñeiros consultados para a realización do citado traballo, a non ser que se lle dea a **cornio** un sentido moi amplo, como o de **caracol**. Incluso aparecen como cornos moluscos tan coñecidos coma os do xénero *Littorina* (**caramuxas** ou **minchas**) ou de características tan peculiares como *Aporrhais pespelecani* (duns 3,5 cm, que tampouco encaixa en cornio), ou os ermitáns, que non son moluscos, senón crustáceos decápodos anomuros de pequeno tamaño que protexen o seu brando abdome nunha cuncha de gastrópodo baleira.

¹¹ *Murex brandaris*, de 8 cm e canal sifonal recto e longo, que pode chegar a medir a metade da altura total da cuncha, que ten forma globosa e presenta fileiras de conspicuas espiñas dispostas ao seu redor, é un molusco inconfundible, a popular *cañadilla* do golfo de Cádiz.

Por todo isto, consideramos que **cornu** (ou **buguina**, coa variante **bucina**) deben ser os nomes dunha única especie, *Charonia lampas*, aínda que tamén, en sentido amplo, pode usarse **cornu** (nunca **buguina**) para denominar xenericamente os gastrópodos mariños con cuncha enrolada en espiral e rematada en punta. Neste sentido, pode usarse en frases do tipo: *Na súa casa ten unha boa colección de cornos e cunchas*.

LAPA. Nome común de varias especies de moluscos gastrópodos prosobranquios da orde dos diotocardios e familia dos patélidos, pertencentes ao xénero *Patella*, especialmente *P. vulgata*, a máis común en Galicia, de cuncha cónica de base case circular, de ata 7 cm de lonxitude, alta, coas costelas irregulares, moi variable en forma e tamaño, e coloración exterior azul verdosa ou amarelada, con radios escuros máis ou menos marcados, e interior branca ou amarela. Vive na zona intermareal, a calquera nivel, incluso nas pozas que se forman na baixamar, fortemente fixada sobre as rochas, nas costas do Atlántico ata o mar do Norte. Outras especies similares, non tan frecuentes nas nosas augas, son *P. intermedia*, de cuncha arredondada, cónica, duns 4 cm de lonxitude, menos alta que *P. vulgata* e coas costelas máis finas, xeralmente ben marcadas, e as marxes frecuentemente con radios escuros; *P. rustica* (= *P. lusitanica*), do mesmo tamaño cá anterior, pero de cuncha oval, algo elevada e con frecuentes estrías radiadas, granulosas, e *P. ulysiponensis* (= *P. aspera* = *P. athletica*), grande, como *P. vulgata*, algo alongada, bastante plana e co exterior sen radios contrastados, presentando gran variabilidade de formas. Todas elas son fitófagas e comestibles, aínda que a súa carne é moi dura.

Pese a que Ríos Panisse, 1977, pp. 107-108, recolle numerosos nomes vulgares (lapa, llapra, lámpara, lámpares, lamparón, cuco, etc.), moitos deles tamén citados por Ramonell, 1985, p. 43, e por Rolán, 1983, pp. 77-80, non cabe dúbida de que o nome maioritariamente empregado para estes coñecidos moluscos é o de **lapa**, que ademais é o elixido polo dicionario da RAG-ILG. Se nalgún contexto fose necesario diferenciar *Patella vulgata* das outras especies do xénero, poderíamos designar aquela como **lapa común**, como fan Míguez *et al.*, 1996, p. 166.

MARGARIDA. Nome de dúas especies de moluscos gastrópodos prosobranquios monotocardios da suborde dos tenioglossos e familia dos triviídeos, *Trivia arctica* e *T. monacha* (= *T. europaea* = *Cypraea europaea*), de cuncha globosa de forma arredondada, duns 15 mm, con costelas espirais que cobren toda a súa superficie, chegando ata a abertura, que é estreita e denticulada e abarca toda a lonxitude da cuncha, que viven en fondos de area e pedras, baixo as que se atopan, na franxa e na zona infralitorais, frecuentemente en zonas de ascidias, das que se alimentan. As dúas especies diferéncianse, sobre todo, na cor da cuncha, que é rosa carne, coa base máis clara, na primeira, presentando *T. monacha* tres conspicuas manchas de cor parda escura no dorso.

Ríos Panisse, 1977, p. 109, rexistra en vintetrés localidades da costa galega o nome de **margarita** e só en Lira, **margarida**, para a especie *Trivia europaea*, que é a única

considerada. Tamén Rolán, 1983, pp. 207-208, dá o nome vulgar de margarita para ambas as especies. Míguez *et al.*, 1966, p. 192, engaden a este nome o de **biquiños**, que nós non temos escoitado¹². Eliximos a variante **margarida** por ser esta a forma normativa que o diccionario da RAG-ILG establece para a planta homónima.

MINCHA. V. CARAMUXA.

PÉ DE PELICANO. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos monotocardios, suborde dos tenioglossos e familia dos aporraidos (*Aporrhais pespelecani*), de cuncha turrificada, de 4 a 5 cm de altura, con moitas espiras convexas cunha liña de conspicuos tubérculos ou costelas de disposición axial, a última co labio externo ensanchado do que parten tres expansións dixitiformes que, xunto co canal sifonal longo (que, ás veces, se toma erroneamente por outro “dedo”), lle dá a aquel o aspecto do pé dunha ave palmípede; a coloración é branca ou rosada. Vive escavando en fondos de lama ou de area, ata uns 80 m de profundidade, no Atlántico, desde Noruega ata o Mediterráneo. Menos frecuente, e a profundidades maiores (de 75 a 2 000 m), pódese atopar unha especie semellante, *Aporrhais serresianus*, con numerosas costelas nodosas e catro “dedos” máis longos e finos, e canal sifonal tamén máis longo.

Ríos Panisse, 1977, p. 92, recolle para *Aporrhais pespelecani*, en moi poucas localidades, os nomes de buguina, cornecho, corniño e corno, entre outros. Todos estes nomes empréganse para denominar outras especies, polo que parece oportuno introducir, para este animal, que de calquera xeito non é moi frecuente, o cultismo **pé de pelicano**, en consonancia co castelán *pie de pelicano*, o catalán *peu de pelicà*, o francés *pied-de-pélican*, o inglés *pelican's foot shell* e o alemán *Pelikansfuss*.

PENEIRA. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos diotocardios e familia dos haliótidos (*Haliotis tuberculata*), de cuncha ovalada, moi deprimida, de ata 8 cm de lonxitude, coa espira moi curta e a última volta ocupando toda a lonxitude da cuncha, cunha liña de 5 a 6 orificios abertos que se continúan con tubérculos, restos doutros orificios antigos xa pechados; a coloración exterior é parda avermellada, e a interior nacarada, con irisacións. Habita na parte inferior das rochas lisas, fortemente adherida a elas, habitualmente en zonas de laminarias, na franxa e na zona infralitoral, no Atlántico e no Mediterráneo.

É unha especie inconfundible, e o nome máis empregado para denominala é **peneira**.

SOMBREIRO CHINÉS. Molusco gastrópodo prosobranquio da orde dos monotocardios e familia dos caliptreidos (*Calyptraea sinensis*), de cuncha redonda, cónica,

¹² Quizais a denominación de *biquiños* estea relacionada co costume que, segundo Rolán, 1993, p. 93, hai nalgunhas vilas portuguesas de agasallaren os noivos cunchas destas especies ás súas namoradas.

deprimida, co ápice central, de 15 mm de lonxitude e cor variable (branca, rosada, amarela ou violeta) que vive sobre ou baixo as cunchas, e sobre as pedras, en fondos de cascallo ata os 50 m de profundidade, no Atlántico e no Mediterráneo.

Non inclúe Ríos Panisse, 1977, esta especie no seu traballo, pero si Rolán, 1983, p. 201, e 1993, p. 121, da que di que, coa súa característica forma de sombreiro chinés, se sitúa nas concavidades das cunchas dos bivalvos mortos, en zonas con fondos de cascallo. Míguez *et al.*, 1966, p. 191, tamén a citan, e lle dan como nome **gorro chinés**. O nome está ben escollido, e concorda co científico e co alemán (*Chinesenhut*), pero parece máis apropiado **sombreiro** que gorro, así que a nosa proposta é denominalo **sombreiro chinés**.

Resumo de nomes propostos¹³

<i>Aplysia</i> Gmelin in Linné, 1791	Borracha
<i>A. depilans</i> Gmelin, 1791	
<i>A. fasciata</i> Poiret, 1789	
<i>A. punctata</i> (Cuvier, 1803)	Borracha (común)
<i>Aporrahis</i> Da Costa, 1778	
<i>A. pespelacani</i> (Linné, 1758)	Pé de pelicano
<i>A. serresianus</i> (Michaud, 1828)	
<i>Bittium</i> Leach in Gray, 1847	
<i>B. reticulatum</i> (Da Costa, 1778)	Corniño
<i>Calliostoma</i> Swainson, 1840	Cornecho
<i>C. conulus</i> (Linné, 1758)	
<i>C. laugieri</i> (Payraudeau, 1826)	
<i>C. zizyphinum</i> (Linné, 1758)	Cornecho (común)
<i>Calyptraea</i> Lamarck, 1799	
<i>C. chinensis</i> (Linné, 1758) = <i>C. sinensis</i> Forbes & Hanley, 1848	Sombreiro chinés
<i>Charonia</i> Gistel, 1848	
<i>C. lampas</i> (Linné, 1758) = <i>Triton nodifer</i> Lamarck, 1818	Corno, buguina, bucina
<i>Gibbula</i> Leach in Risso, 1826	Caramuxa, caramuxo, mincha
<i>G. cineraria</i> (Linné, 1758)	
<i>G. magus</i> (Linné, 1758)	
<i>G. obliquata</i> (Gmelin in Linné, 1791) = <i>G. umbilicata</i> (Montagu, 1803)	
<i>G. pennati</i> (Montagu, 1803)	

¹³ Nos casos nos que se dá o nome vulgar para un xénero, enténdese que este nome é aplicable a calquera das súas especies.

- Haliotis*, Linné, 1758
H. tuberculata Linné, 1758 **Peneira**
- Littorina* Ferussac, 1821 **Caramuxa, caramuxo, mincha**
L. littorea (Linné, 1758)
L. littoralis (Linné, 1758) = *L. obtusata* (Linné, 1758)
L. neritoides (Linné, 1758)
L. saxatilis (Olivi, 1792)
- Monodonta* Lamarck, 1799
M. lineata (Da Costa, 1778) = *Gibbula lineata* (Da Costa, 1778)..... **Caramuxa, caramuxo, mincha**
- Nucella* Bolten in Röding, 1798
N. lapillus (Linné, 1758) **Cornetín**
- Ocenebra* Gray, 1847
O. erinacea (Linné, 1758) **Corniña**
- Patella* Linné, 1785..... **Lapa**
P. intermedia Murray, 1857
P. rustica Linné, 1758 = *P. lusitanica* Gmelin, 1791
P. ulysiponiensis Gmelin, 1791 = *P. aspera* Lamarck, 1822 = *P. athletica* Beau, 1844
P. vulgata Linné, 1758 **Lapa (común)**
- Trivia* Gray, 1832..... **Margarida**
T. arctica Solander in Humphrey, 1797
T. monacha (Da Costa, 1778) = *T. europaea* (Montagu, 1803) = *Cypraea europaea* Montagu, 1803.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Estravís, I., *Dicionário da língua galega*, 3 vols., Madrid, Alhena, 1983.
- Bauchot, M. L. / Pras, A., *Guía de los peces de mar de España y de Europa*, Barcelona, Omega, 1982.
- Cornide, J., *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, arreglado al sistema del caballero Carlos Linneo*, Madrid, Benito Cano, 1788.
- Dance, S. P., *Conchas marinas*, Barcelona, Omega, 1993.
- D'Ancona, U., *Tratado de zoología*, 2 vols., Barcelona, Labor, 1972.
- Dosil, B. / Riveiro, X., *Diccionario de ortografía da lingua galega*, A Coruña, Fontel, 1996.
- González González, M., "A lingua galega: situación actual e perspectivas", en *Xornadas de formación en lingua galega para os Equipos de Normalización Lingüística dos Centros Educativos. 22-24 de setembro de 1993*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994, pp. 17-49.
- Grassé, P.-P. (ed.), *Traité de Zoologie*, vol. v, *Mollusca*, Paris, Masson, 1960.
- Grassé, P.-P. / Poisson, R.-A. / Tuzet, O., *Zoología. 1. Invertebrados*, Barcelona, Toray-Masson, 1976.
- Kraus, O., *Internationale Regeln für die Zoologische Nomenklatur*, Frankfurt a. M., W. Kramer, 1970.
- Lindner, G., *Moluscos y caracoles de los mares del mundo*, Barcelona, Omega, 1977.

- Míguez, R. / González, C. / García Álvarez, O., *Guía ecolóxica do litoral galego*, Vigo, Xerais, 1996.
- Ramonell, R., *Guía dos mariscos de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1985.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, *Diccionario da lingua galega*, A Coruña / Santiago de Compostela, 1990.
- Remane, A. / Storch, V. / Welsch, U., *Zoología sistemática*, Barcelona, Omega, 1980.
- Ríos Panisse, M. C., *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces, Verba, anuario gallego de filología*, Anejo 7, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1977.
- , *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas, Verba, anuario gallego de filología*, Anexo 19, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1983.
- Rolán, E., “Moluscos de la ría de Vigo. I. Gasterópodos”, *Thalassas, Revista de Ciencias del Mar*, Vol. 1, Nº 1, Anexo 1, Universidade de Santiago de Compostela. Colegio Universitario de Vigo, Santiago de Compostela, 1983.
- , *Guía ecolóxica das cunchas e moluscos de Galicia*, Vigo, Xerais, 1993.
- VV. AA., *Diccionario normativo galego-castelán*, Vigo, Galaxia, 1988.
- VV. AA. *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais, 1993.
- VV. AA. *Historia Natural. II. Zoología (Invertebrados)*, Barcelona, Gallach, 1969.